



III TRAIL OS MUIÑOS RIOTORTO 24 DE MAIO DE 2025



III TRAIL DOS MUIÑOS (RIOTORTO)

ÍNDICE

OBXETIVO	3
ORGANIZACIÓN E PROBAS	3
PROBAS	3
ITINERARIO	3
CONDICIONS DA PROBA	3
CARACTERÍSTICAS DAS PROBAS	4
ANDAINA	4
TRAIL (MEDIA MARATON)	4
MINITRAIL	5
INSCRICIÓN	5
ANDAINA	5
MINITRAIL	5
TRAIL (MEDIA MARATON)	6
CANCELACIÓN	6
CATEGORÍAS E PREMIOS	6
ANDAINA	6
MINITRAIL	6
TRAIL(MEDIA MARATON)	6
MATERIAL	7
AGASALLOS, PREMIOS E AVITUALLAMIENTOS	7
DESCARGO DE RESPONSABILIDADE E USO DE DATOS PERSOAIS	8
ECORRESPONSABILIDADE	8
CONTACTO	8

III TRAIL DOS MUIÑOS (RIOTORTO)

OBXETIVO.

A finalidade de esta proba é fomentar a práctica de actividade física na natureza de forma respectuosa e responsable. Para acadar tal obxectivo elabórase o seguinte documento, que permitirá mellorar a seguridade da proba e medrar na calidade da mesma.

ORGANIZACIÓN E PROBAS.

O Trail dos muíños está organizado pola Asociación de Veciños da Ferrería e o Concello de Riotorto. Terá lugar o día 24 de maio de 2025.

PROBAS.

Andaina: 24-05-25 / 16:00 horas/ 11 Km. / desnivel +650.

Trail (media maratón): 24-05-25 / 16:30 horas / 21 Km. / desnivel +1390.

MiniTrail : 24-05-25 / 17:30 horas/ 11 Km. / desnivel +650.

ITINERARIO.

O itinerario desenvólvese en circuítos circulares, con saída e meta na mesma zona (Praza das Rodrigas S/N, Riotorto, Lugo).

Practicamente a súa totalidade percorre sendeiros, en ocasións cruza algunhas estradas onde se dispoñerá de persoal para regular o paso dos participantes garantindo así a súa seguridade.

O itinerario estará sinalado con pintura biodegradable, sinais e cinta de balizar retornable.

Cada participante está obrigado a circular polos lugares indicados e non poderá saírse da ruta trazada.

CONDICIONS DA PROBA.

A inscrición na proba implica a total aceptación deste regulamento.

Os inscritos participan baixo a súa propia responsabilidade. A organización non se fai responsable dos accidentes ou danos que poidan sufrir ou producir os participantes. Non obstante, dispoñerá dun seguro de responsabilidade civil para os mesmos, estean ou non federados en montaña, e asistencia médica en caso de lesión de algún dos participantes.

En caso de retirada, deberá avisarse ao persoal da organización. No suposto de lesión, ou impedimento para regresar polos propios medios a

III TRAIL DOS MUIÑOS (RIOTORTO)

meta, pedirase axuda á organización que xestionará o rescate. Facilitaranse teléfonos de contacto para emerxencias.

O circuío non estará pechado ao tránsito de vehículos, polo que todo participante está obrigado a cumprir as normas de circulación viaria e deberá respectar o paso de gandos, persoas e vehículos. Disporase de voluntarios e protección civil para facilitar o paso en cruces de estradas con seguridade.

No caso de que as autoridades correspondentes diten medidas restritivas que afecten ao normal desenvolvemento da proba, facilitarase a información por medios electrónicos ou en persoa o propio día da proba.

CARACTERÍSTICAS DAS PROBAS.

ANDAINA.

- Terá saída as 16:00 horas do día 24 de maio de 2024 na Praza das Rodrigas, S/N, Riotorto (Lugo).
- Entrega de dorsais ese mesmo día dende as 14:00 horas na saída.
- Non ten carácter competitivo polo que os dorsais non levaran chip de control de cronometraxe.
- Existirán dous puntos para avituallamento de bebida e sólidos (km 5.700 e meta).
- Os participantes que non pasen polo primeiro avituallamento antes das 19:15 horas serán trasladados en vehículo ata meta.

TRAIL (MEDIA MARATON).

- Terá saída as 16:30 horas do día 24 de maio de 2024 na praza das Rodrigas, S/N, Riotorto (Lugo).
- Entrega de dorsais ese mesmo día dende as 14:00 horas na saída.
- Os dorsais levarán chip incorporado para a cronometraxe, polo que deben conservalo no momento de chegada a meta.
- Existiran catro avituallamentos (km 6.400 , km 10.600, km 15.800 e meta)
- Peche de proba será as 19:15 horas no avituallamento do quilómetro 15.800 ou as 20:30 horas en meta.
- **Será desafío dentro do circuito GDR, que puntúa como carreira completada para a camiseta finisher e ademais descontará 6 puntos (podese consultar as condicios dentro de <https://terrachallenge.ccnorte.com/>).**

III TRAIL DOS MUIÑOS (RIOTORTO)

MINITRAIL.

- Terá saída as 17:30 horas do día 24 de maio de 2024 na praza das Rodrigas, S/N, Riotorto (Lugo).
- Entrega de dorsais ese mesmo día dende as 14:00 horas na saída.
- Os dorsais levarán chip incorporado para a cronometraxe, polo que deben conservalo no momento de chegada a meta.
- Existirán dous puntos para avituallamento de bebida e sólidos (km 5.700 e meta).
- Peche de proba será as 19:15 horas no avituallamento do quilómetro 15.800 ou as 20:30 horas en meta.
- **Será desafío dentro do circuito GDR, que puntúa como carreira completada para a camiseta finisher e ademais descontará 3 puntos (podese consultar as condicións dentro de <https://terrachallenge.ccnorte.com/>).**

INSCRICIÓN.

A inscrición realizarase a través da páxina web: www.ccnorte.com ata o 21/05/25 as 23:59 horas.

ANDAINA.

Poderán participar todas as persoas. Os menores de 14 anos deberán ir acompañados e non será necesaria a inscrición.

Poderanse inscribir ata 120 persoas, os prezos son:

01/04-14/04/25 -> 13€

15/04-05/05/25 -> 15€

06/05-21/05/25 -> 18€

MINITRAIL.

Poderán participar todas as persoas maiores de 14 anos (**os menores de 14 a 18 anos deben presentar autorización do/da titor legal**) e poderanse inscribir ata 120 persoas, os prezos son:

1/04-14/04/25 -> 13€

15/04-05/05/25 -> 15€

06/05-21/05/25 -> 18€

III TRAIL DOS MUIÑOS (RIOTORTO)

TRAIL (MEDIA MARATON).

Poderán participar as persoas con 18 ou mais anos cumpridos o día do evento e poderanse inscribir ata 100 persoas, os prezos son:

01/04-14/04/25 -> 15€

15/04-05/05/25 -> 17€

06/05-21/05/25 -> 20€

CANCELACIÓN.

Ata o 20/04/25 devolverase o 100% da inscrición.

Dende 21/04/25 ata o 06/05/25 so se devolverá 50%.

Dende o 06/05/25 non se devolverá o importe da inscrición.

NO CASO DE QUE NON POIDESE LEVARSE A CABO A PROBA POR CIRCUNSTANCIAS ALLEAS A ORGANIZACIÓN, SERÁ DEVOLTA A INSCRICIÓN A EXCEPCIÓN DOS GASTOS DE COMISIÓN DE TPV.

CATEGORÍAS E PREMIOS.

Todo participante debe esperar a entrega de premios xa que no caso de que abandone o evento non terá dereito a reclamálo.

ANDAINA.

Non ten carácter competitivo polo que non haberá entrega de trofeos.

MINITRAIL.

Trofeo para o primeiro e primeira clasificada xeral.

Sénior: ata 39 anos (os nados no 1985 e posteriores), premios para o 1º, 2º e 3º clasificado en feminino e masculino.

Veterano/a A: dende os 40 ata os 49 anos, premios para o 1º, 2º e 3º clasificado en feminino e masculino.

Veterano/a B: dende os 50 anos, premios para o 1º, 2º e 3º clasificado en feminino e masculino.

TRAIL(MEDIA MARATON).

Trofeo para o primeiro e primeira clasificada xeral.

Sénior: ata 39 anos (os nados no 1985 e posteriores), premios para o 1º, 2º e 3º clasificado en feminino e masculino.

III TRAIL DOS MUIÑOS (RIOTORTO)

Veterano/a A: dende os 40 ata os 49 anos, premios para o 1º, 2º e 3º clasificado en feminino e masculino.

Veterano/a B: dende os 50 anos, premios para o 1º, 2º e 3º clasificado en feminino e masculino.

MATERIAL.

Para calquera das actividades que se van practicar necesítase o seguinte equipamento OBRIGATORIO:

- Teléfono móbil con carga completa.
- Roupa deportiva (reflectante) acorde a actividade física que se vai realizar.
- Calzado apropiado para camiñar/correr polo monte.
- Botella ou bidón de auga para auto abastecerse.

Recomendase:

- Bastóns de montaña.
- Manta.
- Roupa impermeable.

AGASALLOS, PREMIOS E AVITUALLAMIENTOS.

Coa inscrición cada participante terá dereito a:

- Avituallamentos.
- Asistencia sanitaria.
- Agasallos conmemorativos da carreira.
- Participación en sorteo de agasallos.
- Duchas cómodas e suficientes para todos os asistentes.
- Comida/merenda na celebración de entrega de premios (20:30 horas).
- Animación de evento a cargo de DJ-Speaker.

Todo o ofrecido durante o desenvolvemento das probas procede de provedores locais e pequeno comercio, favorecendo a economía circular da zona.

III TRAIL DOS MUIÑOS (RIOTORTO)

DESCARGO DE RESPONSABILIDADE E USO DE DATOS PERSOAIS.

Cada participante, coa súa inscrición, manifesta atoparse nunha forma física e mental que lle permite afrontar a proba, e asume o risco desta práctica deportiva.

Os participantes, polo feito de inscribirse libre e voluntariamente, declaran coñecer e aceptar plenamente o presente Regulamento. En caso de dúbida ou de xurdir algunha situación non reflectida no mesmo, prevalecerá o que dispoña para o efecto a Organización.

Autoriza ademais a que a Organización faga uso de fotos, vídeos e nomes na clasificación da proba, nos medios de comunicación e/ou Internet, sen esperar pago, compensación ou retribución algunha por este concepto, e a comunicarse a través do e-mail e/ou teléfono facilitados na inscrición, con fins unicamente relacionados con este evento deportivo.

ECORRESPONSABILIDADE.

O itinerario transcorre por paraxes de alto valor ecolóxico, polo que se deben seguir as pautas de comportamento habituais nos espazos protexidos: non deixar residuos, non acender lume, non producir ruídos que molesten á fauna, non acampar, non saírse do percorrido sinalizado... en definitiva, non deixar rastro da nosa actividade.

Cando se faga uso do avituallamento, será obrigatorio depositar os residuos nos lugares indicados.

Reducirase ao mínimo o uso de plásticos no monte: avituallamentos, sinalización. A organización utilizará no posible material reutilizable ou reciclable.

CONTACTO.

E-mail: trailmuinosriotorto@gmail.com

Facebook: https://www.facebook.com/p/Concello-de-Riotorto-100063485592621/?locale=es_ES